

VIAXE A TENERIFE



Xa ía escribir esta historia no anterior Intres pero non me deu tempo polo cal cóntovola agora.

Iamos marchar a Tenerife o día 10, pero estando na clase de tecnoloxía entra Susana na clase e dinos "Rapaces, non podemos marchar o día 10"

Claro está, nós pillamos un aco...que bueno. Susana aclarounos que por un problema de datas e mala comunicación tiñamos que marchar o día 9.

Tivemos algún problemíña porque tiñamos un exame de galego, pero todo saíu ben e ás 24:50h xa

estabamos no avión.

Algun ía con un pouco de "cague", xa que era a primeira vez que se subía no avión, pero ben.

Chegamos alí máis ou menos ás 3:00h (hora canaria). Pero aínda tivemos que estar no autobús case 2h máis. En fin, que cando chegamos ao hotel eran xa as 5 da mañá! Levamos un pouco de decepción co hotel, xa que era de noite e non se vía ben, estabamos pola parte de atrás e estaban en obras (visto por diante gañaba).

O primeiro día non durmimos nada, xa que ás 7 tiñamos que estar en pé. Ese día fomos á praia das "Americas", nada que nós non teñamos nas Rías Baixas.

Ao día seguinte fomos ao Teide, iso si que non o temos en Galicia, a verdade é que era un sitio moi diferente ao que estamos acostumados a ver, pero moi bonito. Ese día á noite fomos á discoteca e pasámolo de marabilla e se non, preguntádello a Adrian! Cando xa estabamos durmindo soou a alarma de incendios, tiñades que ver a Eva e a Susana correndo en pixama!

Á mañá seguinte marchamos a "Icod de los vinos y Garachico", era bonito, pero non me impresionou nada. Pola tarde tivemos algun problemíña cuns madrileños que chegaran ao hotel, pero nada importante, ao final acabámonos levando ben con eles.

Onde o pasamos ben foi



VIAXE A TENERIFE

no Loroparque, aínda que alguén pasouno mal porque lle tiña pánico ás aves e tivo que aguantar un espectáculo de loros pasándolle por riba da cabeza, aínda que se compensou co espectáculo dos golfiños e ,se non me credes, preguntádello a Susana.

Ao día seguinte fomos ao museo das ciencias, moito mellor o da Coruña. Despois fomos á Laguna, unha cidade chea de monumentos que segundo Eva e Susana era preciosa, eu a día de hoxe aínda non lle atopoei a preciosidade.

Pola noite fomos ao cine, pero mellor non falar diso porque non vimos moito da película, xa que case todos nos quedamos durmindo e iso que era de cachondeo, pero entre que a película non era moi boa e nós que tiñamos un sono que non podíamos cos ollos...

Á mañá seguinte fomos ao parque acuático, unha profe ou mellor dito as dúas tiñan un pouco de medo nalgúns tobogáns, pero conseguimos que se tiraran de todos (ou case todos). Eu persoalmente paseino de marabilla. Pola noite, como era o último día, fomos á discoteca e pasámolo ben, algunha mellor ca outra, pero bueno.

E o último día fomos dar unha volta por Puerto de la Cruz e pola tarde despedímonos da xente que coñeceramos, a algún ou algunha, custoulle máis despedirse, pero iso é normal.

Ben, hai máis cousas



que contar, pero as persoas que compartiron esta experiencia comigo, cando lean isto refrescaráselles a memoria e xa se acordarán do que lles interese.

Tamén quería dicir unha cousa a favor das profesoras, é verdade que ás veces berrannos, castígnannos, suspéndennos, pero tamén o podemos pasar moi ben con



elas, eu paseino e por iso doulle as grazas a Eva e a Susana.